

## RECOÑECEMENTO

# A excelencia, con -a

**09.01.2008** Un ano máis, as rapazas galardoadas cos premios extraordinarios de Bacharelato e de Formación Profesional de grao superior case duplican os mozos: 25 fronte a 14

REDACCIÓN . SANTIAGO

Excelencia concorda en feminino. Así o testemuña un ano máis o número de alumnas distinguidas cos premios extraordinarios de Bacharelato do pasado curso 2006-07 e Formación Profesional Específica de Grao Superior do período 2005-06, que case duplican os rapaces premiados: 25 rapazas destacadas fronte a 14 varóns .

Onte recibiron o Premio Extraordinario de Bacharelato 21 estudantes, repartidos en 13 rapazas e 8 rapaces. Do total, sete estudaron en centros privados -cinco mozas e dous varóns- e 14 en institutos públicos -oito rapazas e seis rapaces-.

Outros 18 alumnos foron distinguidos cos Premios Extraordinarios de Formación Profesional de Grao Superior: 12 fémias e seis varóns.

A conselleira de Educación, Laura Sánchez Piñón, recoñeceu no acto de entrega dos premios, celebrado no Conservatorio Profesional de Música de Santiago, a "dedicación e bo facer" dos 41 alumnos galardoados, e matizou que "o concepto de extraordinario non só se mide polos bos resultados académicos, senón tamén por ser excepcionais no día a día, conxugando o rendemento na educación coa asunción de valores cívicos na vida diaria", afirmou.

Sánchez Piñón manifestou que estes galardóns naceron co propósito de "recoñecer a traxectoria excepcional dos alumnos dos centros educativos" e que "constitúe unha proba do esforzo e do interese".

Tanto esforzo, que ata os premiados recoñecen que o estudo pode ser "algo así como a máis odiosa das obrigacións". Falaba Alba García Ulloa, unha das agraciadas cos Premios Extraordinarios de Bacharelato, como portavoz de todos os galardoados. A tarefa de estudar "é útil e interesante", aínda que "é dura e dedicámoslle moitas horas".

En representación dos centros, Encarna Fernández Seara, directora do IES Portobello, de Ourense, aseguraba que os premios desmentían a estendida idea de que "todo se consegue sen esforzo".

Ademais, a titular da Administración educativa recordou que a Formación Profesional está a alcanzar "importantes niveis de cualificación e éxito formativo", e explicou que a FP rexistra en Galicia unha "elevada taxa" de inserción laboral, superior ao 80 por cento.

## Concurso Hispanoamericano de Ortografía

A conselleira entregou tamén os Premios da Fase Autonómica do VII Concurso Hispanoamericano de Ortografía a Víctor Gómez González, do IES Isaac Díaz Pardo de Sada (A Coruña) e a Mónica Prieto Giráldez, do Colexio privado (CPR) Mariano de Vigo. Esta proba sobre a lingua castelá, na que participan estudantes dos países de fala hispana, se celebra dende o ano 2000.

## OS PROTAGONISTAS

### Corenta e un estudantes dez con nome e apelidos

O primeiro premio da Fase Autonómica do Concurso Hispanoamericano de Ortografía foi para Víctor Gómez González; o segundo, para Mónica Prieto Giráldez.

Os premios extraordinarios de Bacharelato foron para: Tamara Cao Cardero; Noa Cid Blanco; Alba Cid Fernández; Alba García Ulloa; Ana Juanatey García; José Luis Lado Villanueva; Jaime López, Gutiérrez; Guillermo Lorenzo Gómez; Álvaro Martínez Gómez; Laura Méndez Castro; Andrea Porto Mato; Víctor Quintas González; Nerea Quintás Pinazas; Cristian Redondo Lourés; Héctor Ríos Duro; Cecilia Rodríguez Suárez; Guillermo Rosales González; María Teresa Sarandeses Díez; Ángeles Silva Rodríguez; Alicia María Vázquez Sarandeses; e María Yáñez López.

Os de Formación Profesional Específica de Grado Superior corresponderon a: Manuel Rodrigo Hermida Comesaña; Patricia Prieto Díaz; Elena María Rodríguez Pérez; Patricia Rodríguez Godoy; Antonio Fernández Vacas; Olalla Varela Fernández; Fernando Ramón Llamas López; Raúl Pérez Sandomingo; Rocío Belén Rilo Pontoriero; Ángela Chao López; Noelia Vázquez Freire; María Aragunde Cruz; Aitor Alborés Bermúdez; Eva Calvo Canizás; José María García Ríos; María Victoria Aguilera Mannucci; Raquel Veiga Busto; y María del Carmen Muñiz Agrelo.